

GUÍA DOCENTE DE **METODOLOXÍAS PARA A ANÁLISE MUSICAL**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: METODOLOXÍAS PARA A ANÁLISE MUSICAL										
ESPECIALIDADE	Musicoloxía							ITINERARIO	Etnomusicoloxía, Histórica.	
CARÁCTER								TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Musicoloxía	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.		6							4h.	
								Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento das metodoloxías analíticas e a súa aplicación práctica como ferramenta que permite o achegamento dende diferentes perspectivas á obra musical.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T 1, 2, 4, 8
COMPETENCIAS XERAIS:	X 3, 5, 10, 13, 14, 18, 25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM 1, 2, 3, 5, 6, 7, 8
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer, analizar e aplicar os principios e procedementos fundamentais das metodoloxías da análise musical.	T 2, X 13, X25, EM1, EM5
Estudar, manexar e aplicar de forma axeitada os conceptos, técnicas e protocolos analíticos relacionados coas metodoloxías da análise musical.	T 1, T4, T8, X5, X18, EM3, EM6
Recoñecer os elementos compositivos máis relevantes para a realización da análise do repertorio das músicas de tradición oral.	T 8, X3, EM1, EM2, EM3, EM5, EM7
Utilizar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións...), noutras materias, ou ben a través da súa experiencia cotiá.	T1, T2, T8, X3, X5, X25, EM1, EM3
Comprender a importancia e apreciar o valor das manifestacións musicais de tradición oral entendendo a súa enorme diversidade e amplitude.	T2, EM1

4. CONTIDOS
1. Concepto e obxecto da análise musical: 1.1 O concepto da análise musical - 1.2 Principais correntes historiográficas - 1.3. Metodoloxías da análise musical



2. Relación da música co seu contexto: 2.1 Estudo da forma musical. - 2.2 A representación harmónica. - 2.3 A sintaxe musical.
3. Análise dos diferentes elementos en acción: 3.1 O ritmo - 3.2 A melodía - 3.3 A armonía (o cifrado) - 3.4 A organoloxía - 3.5 A textura
4. A forma: 4.1 Diferentes formas segundo os estilos.
5. Exposición e debate dos traballos

### 5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúen os alumnos/as ao comezo do curso, e exposición das expectativas que teñen cara ao cuadrimestre que comeza).	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

### 6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*